

XABIER LÓPEZ AUTOR DE 'OLYMPIA RING, 1934'

► «Pontevedra, a inescrutable, impredecible e camaleónica Boa Vila, decidía pór o ramo ao día (...)», escribe Xabier López en 'Olympia Ring, 1934', a novela que vén de traducir ao castelán e coa que o de Bergondo recupera ao seu protagonista pontevedrés, o xornalista Sebastián Faraldo, que desta volta lle segue a pista a un boxeador de Campolongo, O Camión.

## «Hai literatura onde menos se espera»

BELÉN LÓPEZ

blopez@diariodepontevedra.es

**COLECCIONISTA** de galardóns literarios como o Risco, o Lueiro Rey, o García Barros, o Premio da Crítica e o Xerais, entre outros, «aínda que hai algún que se me resiste», Xabier López (Bergondo, A Coruña, 1974) publicou este ano a segunda entrega das aventuras do xornalista pontevedrés Sebastián Faraldo, un personaxe que fixo debutar hai exactamente unha década en 'A vida que nos mata'. «Pasaron dez anos para min, pero apenas dous para el». En 'Olympia Ring, 1934', o xornalista viaxa a Barcelona para meterse de cheo no mundo do boxeo dos anos 30. A novela, editada orixinalmente por Galaxia, vén de ser traducida ao castelán por Gregal, o mesmo selo que tamén a volcará ao catalán.

**De onde sae Sebastián Faraldo? Por que o escolle para protagonizar esta serie negra?**

Sebastián Faraldo é un xornalista pontevedrés que traballa nunha cabeceira inventada, O Matutino. Na primeira novela defínese como cincuentón, obeso e sentimental. Vive só e está en proceso de divorcio. Fóra diso, Sebastián Faraldo é unha escusa para achegarme a unha época, a dos anos 30 en Galicia, ao meu modo de ver, moi desaproveitada na novela negra.

**E por que en Pontevedra?**

Pois porque me parecía unha abstracción interesante fóra deses dous polos tiránicos na República que son A Coruña e Vigo. Ningunha desas dúas vilas me daba pé ao contraste que buscaba entre o dinamismo do xornal e a vida cotiá dun sitio máis pequeno. Podería ser Lugo, as cousas como son. Pero neste caso non me interesaba tanto a Galicia interior.

**Que un tipo de Bergondo sitúe a historia en Pontevedra con tanto detalle chama a atención.**

Home, tampouco a fun situar a Nova York. Eu coñezo Pontevedra. Vivindo en Bergondo podía ter elixido A Coruña ou Ferrol, pero se cadra son sitios que coñezo demasiado. Fáltame distancia con eles. Non sei se lle pasa aos demais, pero cando escribo sobre algo moi próximo sintome un pouco encorsetado. Pontevedra ofrecíame o escenario axeitado, un territorio que coñezo e co que non me sinto vinculado emocionalmente.

**Foille moi difícil documentarse?**

Non especialmente. Non pretendía ser unha novela histórica. Quero dicir que non se trataba dun traballo pormenorizado sobre a época. Onde máis me documentei foi en hemerotecas: no arquivo



Xabier López cos seus libros 'pontevedreses' na Praza da Leña, onde vive o seu protagonista. RAFA FARIÑA

histórico de Betanzos, no Museo de Pontevedra e na hemeroteca de La Vanguardia, que é impresionante. Esta última facilitoume moito o traballo en canto a coñecer novas da época e o seu ton, algo que era fundamental para min porque falamos de novelas en primeira persoa narradas por un xornalista. Foi toda unha descuberta dar coas crónicas deportivas daquel tempo. Les unha crónica boxeística daquelas e parece que estás lendo unha novela.

**De feito, algunha das que reproducidas é auténtica.**

É a proba da súa calidade literaria: encaixan perfectamente na novela. As crónicas da pelexa entre Josep Gironès e Freddie Miller están tomadas de La Vanguardia. Hai un concepto do que é literario e do que é extra-literario ás veces demasiado tallante. Todo o que colle nunha novela é literatura. Hai literatura onde menos se espera. A prensa é un medio que ten moita máis literatura da que parece e na da época aínda máis.

**Fai vostede moi difícil distinguir que é verdade e que mentira nunha novela pragada de datos históricos, acontecementos e personaxes reais.**

Sendo unha novela ambientada nun tempo real, todos os grandes acontecementos que se mencionan son verídicos. O trasfondo, digámolo así, é todo verdade. Ficción é todo o que lle acontece aos dous personaxes protagonis-



Portada do libro de Galaxia.

Os anos 30 en Galicia e a República, ao meu modo de ver, estaban moi desaproveitados na novela negra»

Hai un concepto demasiado tallante do que é literario e do que é extra-literario»

Elixín un xornalista pola relación que manteñen coa verdade»

tas: un xornalista e un boxeador inventados. O combate entre Miller e Gironès é, por suposto, auténtico. A novela céntrase no primeiro que tiveron no Olympia, que perdeu Gironès aos puntos.

Descalificárono despois de darlle un golpe baixo a Miller. Pero logo houbo unha revancha que se produciu xusto no que sería o remate da novela. Foi na Monumental. Todo o mundo estaba doente polo desquite. Pero foi aínda peor: o combate durou 138 segundos e perdeu Gironès por KO. Despois diso retirouse do boxeo, foi escolta de Companys, exiliouse e xa non volveu.

**Acaba de volver de Barcelona, onde precisamente coñeceu ao neto de Gironès.**

Sí. Eu asinei coa editorial Gregal a tradución da novela ao castelán, que xa saíu, e ao catalán, que sairá. E na presentación que se fixo do libro en Barcelona tiven a oportunidade de coñecer ao neto de Gironès. Alí enfocaron moito a presentación de cara ao 80º aniversario da proclamación do estado catalán por Companys e á recuperación de Josep Gironès, a gran figura do boxeo da República xunto con Paulino Uzcudun.

**E por que Faraldo é xornalista e non investigador?**

Volvemos ao xogo entre a verdade e a mentira. Cando publiquéi 'A vida que nos mata' preguntábanme moito pola elección dun xornalista como protagonista no canto dun detective e eu contestaba que o elixira pola relación que eles manteñen coa verdade. Así me acheguei tamén á relación que mantiña co seu xefe, ese tira e afrouxa sobre que contar e

como contalo. O meu xornalista non é un tipo que non queira facer xustiza, aínda que se recoñezan virtudes nel como que é un home bo, un home xusto, el o que quere é contar o que pasa. Ademais, sería moi pouco crible poñer a un comisario de policía narrando en primeira persoa acontecementos con rexistro literario. E estaría abocado a resolver o crime. A min resultábame moito máis poliédrico e interesante un xornalista.

**E o do boxeo? Que o atraeu deste mundo en particular?**

Pois mentres na primeira novela Faraldo, xornalista de sucesos, se achega á crónica rosa porque vai cubrir unha voda, aquí achégase á crónica deportiva porque vai cubrir un combate de boxeo. O fútbol parecíame un moi recorrente e ademais hai que ter en conta que nos anos 30 non era un deporte de masas como o boxeo. Cando empezaba a temporada había combates case diarios en Ferrol, Coruña e Pontevedra. Os grandes heroes da clase obreira eran os boxeadores, non os futbolistas. Eran os deportistas mellor pagados. Era un mundo que me atraía bastante por todo isto. E despois ten o compoñente este de cinema negro.

**Vai haber máis aventuras de Sebastián Faraldo?**

Eu supoño que algunha máis lle quedará. Tamén é verdade que como autor me pregunto que vai pasar con el no 36. Porque pode pasarlle absolutamente de todo.